

CONGRESO INTERNACIONAL

O CONTEXTO INTERNACIONAL DAS IRMANDADES DA FALA

AS NACIONALIDADES NA EUROPA DE ENTREGUERRAS: DE IMPERIOS A NACIÓN

CONSELLO DA CULTURA GALEGA
SANTIAGO DE COMPOSTELA
6 E 7 DE OUTUBRO DE 2016



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

Ao se cumprir os cen anos da fundación da primeira organización nacionalista galega, as Irmandades da Fala, este congreso aspira a pór de relevo as circunstancias externas e o contexto internacional que acompañaron a súa creación e primeira andaina. Pois as Irmandades da Fala non foron un produto illado nin excepcional na Europa do seu tempo, mergullada nunha cruel guerra mundial na que a cuestión das nacionalidades pasou a desempeñar un papel sobranceiro na propaganda e obxectivos dos contendentes. Os movementos nacionalistas de Europa Central e Oriental, mais tamén algúns da Europa Occidental, coma o irlandés, experimentaron un pulo decisivo e viron chegada a súa hora. Noutros casos, grupos rexionalistas ou que reivindicaban linguas e culturas minoritarias deron o salto á plena afirmación nacionalista, dende Frisia e Gales a Galicia e Sardeña. Dende 1917, os revolucionarios soviéticos tamén incorporaron a liberdade das nacionalidades á súa axenda reivindicativa. E ao rematar a I Guerra Mundial, das ruínas dos imperios austrohúngaro, otomán e tsarista xurdiron novos Estados “nacionalizadores”, nos que os triunfantes movementos nacionalistas reproduciron adoito os erros dos nacionalismos homoxeneizadores do século XIX e viron nas minorías etnolingüísticas unha ameaza. A opinión pública europea amosou unha nova sensibilidade cara á cuestión das minorías, e no mundo académico inzaron os debates teóricos verbo dos dereitos das nacionalidades e as orixes do nacionalismo. Nese escenario europeo, o emerxente nacionalismo galego fixou as súas prioridades e reivindicacións, inspirándose nos exemplos coetáneos pero seguindo o seu propio camiño.

PROGRAMA

Xoves, 6 outubro

9:30 horas. Inauguración

10:00 horas. Palestra inaugural

As Irmandades da Fala: ecos europeos e propostas galegas

Ramón Villares (Universidade de Santiago de Compostela/ Consello da Cultura Galega)

10:45 horas. Pausa

SECCIÓN I. A I GUERRA MUNDIAL E A CUESTIÓN DAS NACIONALIDADES: UN FENÓMENO GLOBAL

11:15 horas.

Nacionalidade e identidade na crise do imperio austrohúngaro: Otto Bauer e Robert Musil

Ramón Máiz (Universidade de Santiago de Compostela/Consello da Cultura Galega)

12:00 horas.

Nacionalismo, transferencia cultural e historia transnacional

Joep Leerssen (Universidade de Amsterdam)

12:45 horas:

Os bolxeviques, a guerra civil rusa e as nacionalidades

Malte Rolf (Universidade Otto-Friedrich, Bamberg)

SECCIÓN II. A DIFUSIÓN DO PRINCIPIO DAS NACIONALIDADES NA EUROPA

16:30 horas.

Os amigos inesperados de Wilson: O impacto da IGM nos movementos nacionalistas da Europa occidental

Xosé M. Núñez Seixas (Universidade Ludwig-Maximilian de Múnich)

17:15 horas.

Linguas e nacionalidades na Europa da I GM

Johannes Kabatek (Universidade de Zürich)

18:00 horas. Pausa

18:30 horas.

O impacto da I GM na (re)construción das historias nacionais

Stefan Berger (Universidade de Bochum)

19:15 horas.

Agrarios, agraristas, cuestión nacional e democracia na Europa

Lourenzo Fernández Prieto e Miguel Cabo (Universidade de Santiago Compostela)

Venres, 7 outubro

SECCIÓN III. ESTADOS-NACIÓN E MINORÍAS NA POSGUERRA (1918-1925)

10:00 horas.

Os micronacionalismos da Europa occidental na vaga da IGM

Francesca Zantedeschi (Universitat Pompeu Fabra, Barcelona)

10:45 horas.

A discusión transnacional sobre os dereitos das minorías nacionais na posguerra

Stefan Dyroff (Universidade de Berna)

11:30 horas. Pausa

12:00 horas.

Estado e nación no debate político e intelectual de Europa Oriental na primeira posguerra

Balázs Trencsényi (Universidade Centroeuropea, Budapest)

12:45 horas.

Lembrar a I GM nun contexto multiétnico: de Tirol do Sur a Fiume

Laurence Cole (Universidade Paris-Lodron, Salzburgo)

13:30 horas. Conclusións

ORGANIZA:
CONSELLO DA CULTURA GALEGA

COORDINADOR:
Xosé M. Núñez Seixas
(Universidade Ludwig-Maximilian, Múnic / Consello da Cultura Galega)

LUGAR DE REALIZACIÓN:
CONSELLO DA CULTURA GALEGA
Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 957 202 / Fax 981 957 205
difusion@consellodacultura.gal
www.consellodacultura.gal

INSCRICIÓN:
A inscrición é gratuíta.
O número de prazas é limitado (100 persoas).
As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.
Entregarase diploma acreditativo de asistencia ás xornadas.
Para obter o diploma é preciso asistir ao 75% das sesións.

MÁIS INFORMACIÓN:
www.consellodacultura.gal
difusion@consellodacultura.gal
Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal>

1916-1918 CENTENARIO DAS IRMANDADES DA FALA



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 957 202 / Fax 981 957 205